



**VÁZQUEZ LOJO, M.<sup>a</sup> Xosé e SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl.** *Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América. Evolución da poboación, economía e dinámicas sociopolíticas locais (1880-1960).* Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2019, 447 pp. ISBN: 978-84-8457-475-0.

Como xa temos indicado noutros traballos referíndonos á emigración galega, existe un trazo común entre as comunidades de emigrantes que transcende ao lugar de procedencia, ao contexto sociocultural ou ao momento histórico. Ese trazo consiste no empeño por manter os vínculos orixinais e ao mesmo tempo a vontade de adaptarse ás novas regras marcadas pola sociedade de destino. Seguindo ese padrón, os membros das diferentes comunidades europeas migradas masivamente a América desde mediados do século XIX, tenderon a congregarse ao

redor de asociacións de carácter étnico, entre cuxos obxectivos estaban a sociabilidade, a protección da cultura orixinaria e do idioma, a alfabetización urxente, manter as prácticas relixiosas nalgúns casos e tamén resolver algunhas necesidades non suficientemente cubertas como a saúde, o emprego ou a repatriación nalgúns outros.

Nese contexto finisecular da dinámica migratoria europea, tamén varios centos de miles de galegos e galegas se trasladaron a diversas áreas de América. As taxas migratorias de Galicia son, desde a Idade Moderna, comparativamente altas con dimensións similares ás de Irlanda e Italia meridional nos momentos de maior intensidade das migracións transoceánicas masivas. Diversas estimacións coinciden en sinalar un cómputo de, ao menos, un millón de galegos e galegas migrados a esas latitudes entre 1850 e 1930. Pese ás dificultades para cuantificar de xeito preciso debido aos altos índices de clandestinidade, durante moitos anos significou máis do 50% do total da emigración española, como sinalan estudos de, entre outros, Domingo González Lopo. Alí, a comunidade galega atopouse un mundo novo co que se enfrontou e interveu, e no que apreciou un maior e mellor desenvolvemento social e cultural. Desde tal apreciación, avivada mediante procesos de organización colectiva principalmente de base étnica nos termos que antes sinalabamos, moitos deles propuxéronse facer avanzar a sociedade de Galicia a través de procesos de autoorganización social e política e tamén de escolarización.

Dese modo, o colectivo galego emigrado seguiu o padrón con que, mediada a centuria XIX, foron nacendo as primeiras asociacións de axuda mutua de ámbito

nacional, promovidas polas comunidades europeas migrantes. No caso de Bos Aires, por exemplo, a Asociación Francesa (1854), Unión e Benevolenza italiana (1858), a Sociedad Española de Socorros Mutuos (1875), Sociedad Polaca da República Argentina (1890), Asociación Patriótica Española (1896), Sociedad de Socorros Mutuos y de Ayuda Social Árabe Musulmana de Córdoba, en 1928, o el Centro Islámico Argentino, creado por eses anos. Contra 1890 existían nesta capital máis de 70 asociacións deste tipo e arredor de 150 en todo o país. O mesmo aconteceu na Habana, ou noutras capitais americanas.

A diáspora galega, con moita presenza na illa de Cuba, a Arxentina, o Uruguai e tamén no Brasil, non foi allea a ese modelo, e así levantou en 1879 os centros galegos de Bos Aires, Montevideo e A Habana, tres grandes institucións mutualistas ás que seguiron posteriormente, ao longo do primeiro terzo do século XX, varios centenaes de sociedades de ámbito parroquial, municipal e comarcal, movidas por vínculos territoriais, culturais ou emocionais, co obxecto de preservar a identidade colectiva orixinal no novo destino ou prestar algún tipo de auxilio mutualista, como levan recollido, entre outros, Hernán M. Díaz ou Alexandre Vázquez. Como xa apuntamos tamén noutros traballos, as comunidades emigrantes do sur de Europa comparten unha percepción positiva sobre a escola e os seus efectos, como o demostra o labor realizado no ámbito da alfabetización no lugar de destino apoiando a acción mutualista. No caso galego, esa actividade asociativa que se levou a cabo durante o primeiro terzo do século XX introduce trazos innovadores de solidariedade comunitaria que responden a un cambio de mentalida-

de, combinando a axuda mutua no lugar de destino coa alfabetización e escolarización no lugar de orixe.

Ao igual que o resto de comunidades migradas, foi preciso fundar sociedades para auxilio dos que acababan de chegar na procura de traballo, para promover vínculos baseados na identidade étnica entre os residentes facendo máis livián o sempre traumático proceso de integración; ou ben para facilitarlles o regreso en caso de que a súa particular aventura, como aconteceu en tantos casos, rematase nun inxusto fracaso. Pero ademais dos fins mutualistas, aparecen dous elementos singulares vinculados a ese cambio de mentalidade, que son a confianza na educación como instrumento de conciencia cívica e rexeneración democrática e a intervención solidaria no lugar de orixe mediante a creación de escolas de ensino primario, como teñen documentado Antón Costa, Vicente Peña ou nós mesmos. Sobre este tema, Narciso de Gabriel achegou tamén elementos interesantes sobre a correlación positiva, directa e indirecta, entre a intensidade migratoria e as taxas de alfabetización e de escolarización nalgunhas zonas do noso país. Deste xeito, o fluxo migratorio observado nalgunhas comarcas galegas tería estimulado unha maior intensidade no proceso alfabetizador por diferentes vías alternativas á oficial, practicamente inexistente. O que se explica desde a toma de conciencia dos seus protagonistas sobre a importancia de saber ler e escribir para lograr nos países de destino unha inserción laboral satisfactoria, como tamén ten investigado Gustavo Hervella.

É necesario destacar, ademais, que o fenómeno da emigración a América deixou

unha fonda pegada na historia recente de Galicia, cunha influencia transversal en aspectos tan relevantes como a demografía, a economía, a conciencia política ou o desenvolvemento dalgunhas manifestacións culturais, aspectos que son esenciais para a transformación dun país que nos inicios do século XX aínda padecía un atraso considerable, como ten sinalado en diversos traballos Xosé Manuel Beiras. E as remesas enviadas durante máis de dous séculos serviron para atenuar as necesidades máis urxentes. Dese modo, e como sinalou Ramón Villares, nas xornadas das obras do ferrocarril no interior do mato brasileiro, nas estibas do porto habaneiro ou nos escuros boliches porteños durante sete días á semana, puideron saldarse débedas familiares, mellorar o estado legal ou afrontar a compra de novas propiedades e avanzar na innovación técnica e organizativa das explotacións agrarias, tan necesaria para o progreso material de moitas familias nun contexto finisecular de precariedade xeneralizada.

Cómpre engadir, alén de todo o dito, o apoio a iniciativas culturais, entre as que se atopan a edición de obras literarias, históricas e socio-políticas; a promoción de numerosas publicacións periódicas, escritas sobre todo en lingua castelá; o fomento da cultura en lingua galega, a formación de líderes políticos, ou o acubillo de parte do exilio galego tras a guerra civil. Iniciativas, todas elas, enmarcadas no que o profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández definiu hai uns anos como o reencontro das dúas Galicias na dimensión cultural e política.

Pese a non ser o habitual, tamén se produciu un certo desenvolvemento na industria do sector conserveiro, no meta-

lúrxico, na construción naval e o ferrocarril grazas á aposta financeira e empresarial dunha parte, aínda que minoritaria, da nosa emigración, segundo investigacións de Xoán Carmona. Isto contribuíu a crear unha importante rede bancaria encargada de canalizar as remesas enviadas. Un diñeiro que axudou a financiar directamente o movemento agrario, ou a través de xornais rexeneracionistas e asociacións ante-caciquís como teñen investigado, entre outros Enrique Hervés, Miguel Cabo ou Lourenzo Fernández Prieto; e a iniciar un proceso de identidade política galeguista que remataría callando no favorable plebiscito de autonomía política de 1936, nos derradeiros momentos da Segunda República española. Paralelamente, este proceso tamén foi posible por conectarse con outras dinámicas urbanas e cos reducidos, pero vivos, sectores obreiros, malia seren duramente reprimidos e eliminados con ocasión do golpe de estado do 18 de xullo de 1936, como recolleu Emilio Grandío.

*Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América* parte, segundo os autores, “do interese da corporación municipal de Salceda de Caselas pola emigración neste concello co gallo do centenario da fundación das asociacións *Centro de Protección Agrícola del Distrito de Salceda de Caselas en Buenos Aires e Pro Federación Agrícola del Distrito de Salceda en Río de Janeiro*” e encádrase, ademais, nun proxecto máis amplo de recuperación da memoria social da poboación dese municipio desde o Arquivo da Memoria e da Imaxe de Salceda (AMIS). Un traballo que tenta “ofrecer unha explicación razoada dos comportamentos económicos e políticos dos diversos sectores que formaban a sociedade rural galega de fai cen anos

ante os procesos de cambio político que afectaban ás súas vidas” (Cap. I), evitando o relato erudito, “ateigado de datos nominativos e de acontecementos puntuais”, mais coa vontade de tratar de xeito transversal diversos aspectos relacionados coa xeografía, a historia, a socioloxía e algúns outros de trazo etnográfico.

Ademais, o traballo de Raúl Soutelo e M.<sup>a</sup> Xosé Vázquez vén sumarse a outros que nos últimos anos, tamén no ámbito local, veñen achegando diversos investigadores e investigadoras sobre o fenómeno da emigración galega a América, como Amancio Liñares centrado na Barcala; Xabier Rubia Alejos, Miguel Gayoso Barreiro e Guillermo Llorca Freire na Coruña e Ferrolterra; Segundo L. Pérez López e Daniel M. Vázquez Vila na Terra Chá; Emilia García e Herminia Pernas, ou Ana Cabana na Mariña lucense; Xosé M. Cid Fernández en Ourense, Fernández Cortizo en Terra de Montes, o propio Soutelo no concello de Valga, Miguel Villa na Guarda ou nós mesmos nas terras de Deza, Tabeirós e o Baixo Miño, por poñermos só algúns exemplos. Nesta ocasión, Soutelo e Vázquez achegan un completo estudo sobre as dinámicas sociais do municipio de Salceda de Caselas e a súa área de influencia, en estreita relación coa actividade migratoria desa zona entre finais do século XIX (1880) e mediado o século XX (1960). O resultado, nunha edición moi coidada de gran formato con tapas duras e un esmerado tratamento das ilustracións, ofrece unha “microanálise do fenómeno migratorio, partindo da recuperación da memoria oral e da documentación fotográfica e epistolar conservada polas familias con emigrantes, contando coa colaboración dun concello e do tecido asociativo local”, que recolle e

reflicte os aspectos xerais desta problemática ligadas á poboación, a economía e as dinámicas socio-políticas locais entre as dúas últimas décadas do século XIX. Un laborioso traballo de pescuda e un minucioso tratamento das diversas fontes a través de abundantes táboas e gráficas, que se complementa coa reprodución dunha rica mostra de fotografías e documentos de época referidos ao ámbito familiar, social e comunitario.

Dese modo, partindo desas dinámicas circunscritas ao concello de Salceda de Caselas, estes investigadores fornecen “exemplos representativos deses comportamentos estratéxicos de persoas e familias arquetípicas da sociedade da época”, estudadas a partir de varias historias individuais e familiares, representativas das dinámicas económicas e socio-políticas locais, que poden extrapolarse a outras localidades galegas como Caldas de Reis, Carballo, Castro Caldelas, Vilalba ou A Estrada.

Esta investigación divídese en dous grandes apartados: “Salceda no tempo da emigración a América” (Cap. I-III), que parte da exposición de razóns, os obxectivos e as fontes documentais e ofrece unha análise moi precisa da sociedade salcedense desde unha mirada histórica e sociolóxica, e integra elementos da actividade económica agraria, comercial e artesanal desenvolvidos polas clases populares; da situación das elites locais arredor das dinámicas políticas relacionadas co clientelismo caciquil entre a Restauración e a súa continuidade durante República, ou a represión franquista durante a guerra que ten continuación nas camisas azuis da posguerra... Presta, ademais, unha atención particular á situación

escolar do municipio ata 1936, deténdose na evolución da rede de ensino primario, nas condicións de traballo e vida dos mestres, na problemática do absentismo ou no dramático transo da represión franquista padecida polos traballadores e traballadoras do ensino destinados no municipio. As cifras presentadas, conclúen os autores, son semellantes ás doutros concellos galegos: “Polo xeral aumentaron pouco os orzamentos dedicados á ‘atención de la enseñanza’ ata, practicamente, a Segunda República. Foi a conxuntura política na que tiveron máis transcendencia as queixas dos traballadores do ensino sobre as pésimas condicións nas que exercían o seu maxisterio e, tamén, nas que malvivían, illados e mal pagados, naquelas casas alugadas polos Concellos”.

Unha segunda parte, “Salceda en América” (IV-VII), analiza a actividade migratoria municipal no contexto pontevedrés e galego, o seu asociacionismo en Bos Aires e Rio de Janeiro como principais lugares de destino; e as consecuencias, materiais e inmateriais do fluxo migratorio e o seu balanço. Entre esas consecuencias recóllense as pegadas que deixou a intervención escolar e de alfabetización a través da influencia social dos retornados como parte das “remesas inmateriais”. E tamén a actividade solidaria despregada polas asociacións de emigrantes en colaboración coas sociedades agrarias: os emigrantes, segundo os autores, “colaboraron estreitamente cos aliados típicos das sociedades micro-territoriais para desenvolver a súa intervención socio-educativa e, xa que logo, tamén política en Galicia”. E como remate, analízase a pegada que a emigración de Salceda deixou nas familias, a través das historias de vida —

unha técnica de investigación cualitativa na que se basean outras valiosas achegas de Raúl Soutelo— “ateigadas de arelas e traballos”. Péchase este percorrido histórico cun apéndice de anexos e un completo apartado bibliográfico.

Ademais dun interesante e detallado retrato sociocultural da época, *Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América* tenta servir como “guía metodolóxica útil para os alumnos de posgrao e investigadores que realicen pescudas de microescala sobre as sociedades rurais e vilegas do século pasado”, e cumpre coa intención didáctica fundamental que move o traballo histórico que, como diría Josep Fontana, debe axudar de xeito comprometido a tentar cumprir unha función social, tanto na comprensión do presente como na proxección sobre o futuro. Neste caso, ofrecendo claves para poder estudar o noso pasado migratorio co fin de comprender mellor un fenómeno estrutural que segue a padecer no presente unha parte significativa da nosa mocidade que, malia o alto nivel da súa formación, segue obrigada a procurar mellores horizontes fóra desta terra; ou aqueles outros que chegan a nós desde diversas latitudes agardando que lles brindemos unha lexítima oportunidade vital: “as migracións son historias de esforzo e renuncia persoal na procura de mellores oportunidades de traballo e vida. E as persoas inmigrantes nunca son unha ameaza para ninguén, sexan latinoamericanos, magrebís ou senegaleses en Galicia ou a nova xeración de galegos que están marchando a Alemaña, Inglaterra ou Suíza”.

*Xosé Manuel MALHEIRO GUTIÉRREZ*  
*Universidade da Coruña*